

IGNACIO SOTO GONZALEZ EN CALIDADE DE PRESIDENTE DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO (FUNCIONARIO DE CARREIRA).BASES BOP16 DE DICIEMBRE DE 2022 | BOP NÚMERO 237

EXPONE:

Vista a acta de sesión nº 4 de data 14/03/2024 do tribunal de selección designado para o proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto/a na que se propón a D^a AMELIA ROSALÍA PEREIRA DA SILVA como adxudicataria como adxudicataria da praza de funcionaria de carreira de arquitecta municipal do Concello de Boiro

Tendo en conta que con data 05/04/2024 foi publicada a acta anteriormente mentada e que con data 08/04/2024 D^a Amelia Rosalía Pereira Da Silva presentou a súa renuncia a tomar posesión no posto de arquitecta do Concello de Boiro.

Tendo en conta que na base 11^a da bases de selección (bop16 de diciembre de 2022 | bop número 237) consta que “Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación das persoas aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e na de oposición. O Tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior o das prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.”

É polo que, se propón como adxudicataria da praza/posto de funcionario de carreira de arquitecto municipal do concello de Boiro a:

Marinha Constanza Banhos Martins 5319*

Toda vez que con data 08/04/2024 Amelia Rosalia Pereira da Silva 3614* presentou a súa renuncia a tomar posesión no posto de arquitecta do Concello de Boiro.

En Boiro á data da firma